

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 10 de decembro de 2019 pola que se modifica a Orde do 31 de xullo de 2019 pola que se fai pública a relación de persoal aspirante que superou o concurso-oposición nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 21 de febreiro de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo).

Despois de estimados os recursos de alzada que formularon Luis Ignacio Blanco Picos, María Josefa García Fernández, María Dolores Melendreras Reguero, María Luisa Quinteiros Fernández, Blanca María Riestra Rodríguez-Losada, María Socorro Rodríguez Méndez, Natalia Salgado da Silva, Alberto Varela Pardo e Miguel Valls Martínez respecto da puntuación da fase de concurso en relación co procedemento selectivo convocado pola Orde do 21 de febreiro de 2019, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

RESOLVE:

Primeiro. Modificar a Orde do 31 de xullo de 2019 (DOG do 23 de agosto) pola que se fai pública a relación de persoal aspirante que superou o concurso-oposición nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 21 de febreiro de 2019, no que se refire á puntuación



da fase de concurso e a puntuación final do concurso oposición das seguintes persoas aspirantes:

Corpo	Especialidade	Quenda	DNI	Apelidos e nome	Concurso	Oposición	Concurso-oposición
590	Francés	L	***1526**	Riestra Rodríguez-Losada Blanca María	4.3850	6,2700	5.5160
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 44							
590	Francés	L	***7573**	Salgado da Silva, Natalia	4.1200	6.1050	5.3110
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 49							
590	Lingua castelá e literatura	L	***3957**	Melendreras Reguero, María Dolores	7.2745	7.9580	7.5479
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 6							
590	Matemáticas	L	***8467**	Rodríguez Méndez, María Socorro	5.5730	4.8180	5.2710
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 57							
590	Organización e proc. mantemento vehículos	L	***5549**	Quinteiros Fernández, María Luisa	5.6490	7.5490	6.4090
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 9							
591	Procesos de xestión administrativa	L	***7308**	García Fernández, María Josefa	6.9640	6.7618	6.8427
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 9							
594	Piano	L	***3014**	Luis Ignacio Blanco Picos	8.5000	7.6982	8.0189
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 1							
594	Piano	L	***9997**	Valls Martínez, Miguel	5.9170	6.4771	6.2531
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 7							
594	Piano	L	***2837**	Varela Pardo, Alberto	7.0930	6.1974	6.5556
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 6							

Segundo. O disposto no punto anterior supón a modificación do número de orde da lista de persoas que superaron o concurso-oposición nestas especialidades, que figuraban no anexo da Orde do 31 de xullo de 2019 (DOG do 23 de agosto).

Terceiro. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Cuarto. Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2019

Carmen Pomar Tojo
 Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

